

▪ VENTO NAS VELAS ▪

V3ctor F. Freixanes

Par3bola do caixeiro autom3tico

Cada vez que utilizas o caixeiro autom3tico, a m3quina dir3xese a ti en castel3n. D3che opci3n 3 mudar de lingua, por suposto: galego, ingl3s, franc3s. Pero a apelaci3n primeira da m3quina, a actuaci3n programada, 3 o castel3n, que se converte deste xeito en lingua de referencia dende a cal se establece a pauta dominante e, en certa maneira, as regras do xogo (e de relaci3n). Esta foi e segue a ser a pol3tica lingüística que se estableceu e que se acepta respecto do galego: o cidad3n galegofalante, que a3nda segue a ser demograficamente maioritario no pa3s, ten que pulsar o bot3n da m3quina, esixir os seus dereitos, exercer activamente a súa consciencia lingüística para ser atendido como tal. Se non o fai, por preguiza, por timidez, por falta de pulo ou simplemente porque o seu uso da lingua non est3 ideoloxizado nin 3 unha pr3ctica militante, a m3quina actúa automaticamente dende o castel3n e anula o galego.

As3 foi sempre. Certo que, ag3s situaci3ns moi determinadas ou en per3odos hist3ricos moi concretos, nunca houbo prohibici3n expresa contra a lingua ga-



PILAR CANICOBA

lega. Mentres ficase reducida a desafogos l3ricos ou ao mundo das aldeas, non pasaba nada. O problema xorde cando a lingua do pa3s reclama a condici3n de lingua de referencia no caixeiro autom3tico.

Pregúntanlle 3 autoridade: 3En que idioma se vai expresar vostede diante da cidadan3a? E a autoridade responde: «Segundo me interpelen. Cando o cidad3n se dirixa a min en galego, usarei o galego. Cando o cidad3n se dirixa a min en castel3n, usarei o castel3n». Correcto. Mais, 3e cando vostede se dirixa directamente ao cidad3n; cando sexa a autoridade quen como tal autoridade fale; cando teña que programar a lingua primeira do caixeiro, en que lingua

se dirixir3 3 cidadan3a daquela?

Os meus fillos (galegofalantes) teñen un problema. O mundo todo dir3xese a eles en castel3n: dende as p3xinas dos xornais, dende a inmensa maior3a das emisoras de radio e de televisi3n, dende as ofertas todas de ocio, dende os mostradores dos bancos e dos comercios, dende a publicidade... S3 nalg3ns poucos espazos oficiais o galego est3 presente como lingua de referencia, conquista hist3rica da autonom3a pol3tica, e a3nda as3 case sempre coma unha proclamaci3n simb3lica (lit3rxica). Durante s3culos, a gran masa galegofalante viviu e segue vivindo desta maneira: a lingua dos av3s, a lingua que durante s3culos era a súa lingua de uso normal, condenada aos espazos 3ntimos, secundarios (minorizados), cando non marxinais. 3Que esperabamos logo que pensase a xente do seu propio idioma? O noso ADN colectivo foi deseñado deste xeito. Mesmo agora, para poder vivir con normalidade en galego debemos esixilo, qu3rese dicir: obr3gasenos a que cada falante se converta nun militante ideoloxizado. 3Algu3n pode dicir que estamos nunha situaci3n normal?

Cando Galicia Bilingüe se pronuncia, o seu interlocutor é Núñez Feijóo. Non convén converter en cuestión de todos o que é un asunto interno do futuro presidente coa facción máis radical do seu electorado

Unha análise por: Iago Martínez / A Coruña

19/03/2009

Cando Galicia Bilingüe se pronuncia, a quen interpela é ao PP. Cando aperta a Núñez Feijóo para que non se relaxe e desarme o aparato de promoción da lingua galega no ensino así que poña un pé en San Caetano, sen perder un minuto, a quen se dirixe é ao PP. Mentres o PSOE se mantén nunha equidistancia tan interesada como pouco intelixente, mentres non se identifique con este colectivo, e non o fará porque debe asumir que o seu futuro político en Galicia pasa por Galicia –non era sen tempo–, calquera intervención dos seus voceiros será, por enriba de calquera outra cousa, unha mensaxe para o PP. Un axuste de contas, unha cuestión orgánica. Nin máis, nin menos.

O electorado de Feijóo non é monolítico. Probablemente, nin sequera sexa moito máis homoxéneo que o dos seus rivais. Entre os votantes do PP uns falarán galego e outros castelán. Algúns, de certo, serán monolingües militantes, nunha lingua ou na outra, pero outros non. Haberaos que non vexan contradición entre os idiomas e haberaos belixerantes, rudos, convencidos de que o castelán é a única lingua natural, a única de primeira, a única que o merece todo. A intolerancia, por desgraza, é un mal estatisticamente escrupuloso. Infecta a todas as familias na súa xusta proporción. Por iso cada tribo ten o seu curandeiro, ou se se prefire, cada barrio ten o seu centro de saúde.

Na veciñanza popular, non nos confundamos, o responsábel de xestionar a intolerancia, de negociar coa facción cavernícola, é Alberto Núñez Feijóo. Se o futuro presidente ten problemas técnicos, políticos ou de ánimo, que máis dá, para cumprir o seu compromiso electoral de deixar esmorecer de vez o galego, o drama é seu. E se os seus aliados de Galicia Bilingüe levantan o teléfono para pedirlle contas, segue a ser un asunto interno.

Se perdemos esta perspectiva, pode parecer que Galicia Bilingüe e a Mesa pola Normalización son magnitudes comparábeis, e de aí chegar a pensar que o intercambio de declaracións representa algunha clase de diálogo social de maiorías e que Feijóo pode funcionar como moderador necesario, un si e non, nin tanto nin tan pouco, consenso, presidente. É o malo de xogar polas bandas: que se deixa un baleiro no centro.



Loanza de Rosa Parks

A muller que aparece na fotografía é Rosa Parks, unha costureira de 42 anos que, en 1955, residía en Montgomery (Alabama). O 1 de decembro dese ano esta muller negouse a cederlle o seu asento a un home branco que ía de pé no bus, o que motivou que fose encarcerada baixo a acusación de “perturbar a orde”.

O feito, un sinxelo acto de dignidade individual, tivo un papel moi relevante na eliminación dunha lei inxusta e na consolidación do Movemento polos Dereitos Cívís nos EUA, unha reivindicación de longo alento sen a cal sería impensable que Barack Obama fose hoxe presidente.

“Estaba farta de ceder e ceder”, escribiu Rosa na súa autobiografía. Non aceptaba, por dicilo con palabras de Rosalía de Castro, outra rebelde, “ser estranxeira na súa patria”. Negouse a ser cidadá de segunda: quería ter os mesmos dereitos que os brancos e manter intacta a súa dignidade persoal. A de Rosa Parks foi unha lección de vida imposible de esquecer.

A mentira sobre as armas de destrución masiva en Iraq e a referida á *imposición del gallego* teñen moitos puntos en común. Ben sei que a súa relevancia e dimensión son moi distintas; ao que me refiro aquí é só á metodoloxía utilizada, a ese obxectivo de establecer como socialmente verdadeira unha idea que de feito non o é.

Lembremos a fraude xigantesca urdida polo goberno de Bush: créase a mentira e preséntase unha morea de probas falsas –aquele patético Colin Powell cos tubos de ensaio!–. Os medios de comunicación maioritarios difunden a trola entre a cidadanía. Non se din nunca as razóns verdadeiras da invasión e empréganse grandes palabras para xustificala. Dá igual que despois, destruído Iraq, se vise que non había tales armas. Todo vale, que máis ten! A estratexia para difundir a pretendida *imposición del gallego* segue exactamente os mesmos pasos: créase a mentira aínda que contradiga os datos da realidade. Desde os medios trabállase para estender a falsidade. Aparecen asociacións que, amparándose en nomes equívocos, se declaran oprimidas por esa imposición. Retórcense palabras como *liberdade* ou *bilingüe* para facelas dicir o que non son... Todo vale, unha vez máis!

Cómpre non esquecer nunca esta evidencia: a lingua que naceu hai máis de mil anos neste país non é propiedade de ningún grupo político ou social, senón que é de todas as persoas que vivimos e soñamos nel, e tamén da xente que tivo que marchar e anda espallada polo mundo adiante. Un ben colectivo cunha historia onde hai moitos tramos de amargura. Se non se quere que haxa cidadáns de primeira e de segunda, teñen que crearse as condicións para que se poida vivir en galego coa mesma normalidade coa que se pode facer en castelán. Entre outras cousas, é preciso que a poboación sexa competente nas dúas lingua oficiais, para que logo cadaquén decida libremente se usa unha ou outra nos diferentes ámbitos e situacións. A dobre competencia é imprescindible para garantir a liberdade lingüística. Esta dobre competencia xa a posuímos todos os cidadáns que temos o galego como lingua habitual, mais o contrario non ocorre. A oposición entre castelán falantes e galegofalantes é, en boa medida, unha falsidade. En todo caso, a oposición será entre os que temos competencia bilingüe e os que se obstinan no mantemento da competencia monolingüe vivindo nun país con dous idiomas oficiais.

De non ser así, como poderei facer efectiva a miña liberdade individual para utilizar o galego na vida diaria? Se cadra, o que se me está a pedir dun xeito implícito é que sexa dócil e cambie de lingua –nos despachos, nos comercios, nas consultas...– para evitar conflitos. O doado é abaixar a cabeza, claudicar en ámbitos adversos, deixar o galego para cando esteamos na casa ou con

persoas de confianza: unha lingua só para o *ghetto*. Podería facelo, xaora, mais a miña liberdade quedaría coutada de raíz.

Neste punto, emerxe a figura de Rosa Parks. Un modelo de comportamento para todas as persoas que desexamos unha sociedade onde non haxa cidadáns de primeira e de segunda. Moitos brancos fixeron seus os ideais de Rosa Parks, moitos castelán falantes nos han acompañar neste camiño de esperanza. Para que agromen por fin os significados verdadeiros das palabras *democracia* e *liberdade*.